

RESOLUCION DO CONCURSO DO SERVIZO DE RESTAURANTE CAFETARÍA DO MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO, POLA QUE SE ESTABLECE A VALORACION DO CRITERIOS SUBJETIVOS

ANTECEDENTES

- En data 28 de decembro de 2021 iniciouse o procedemento ordinario e aberto para a contratación do servizo de restaurante-cafetaría do MARCO.
- Que os pregos e procedemento de contratación foron visados por Secretario da Fundación MARCO aprobados polo Padroado da Fundación MARCO seguindo o modelo da anterior licitación.
- Que en data 28/12/20 se publicou na Plataforma de Contratación do Estado, no BOP o anuncio público por procedemento ordinario e aberto publicándose no perfil de contratante a información necesaria para a súa publicación.
- Que finalizado o prazo o 3 de febreiro 2021 unicamente se presentou un oferente de Javier Barciela Estevez

EXPOÑO

1. Que a proposta de mellora no equipamento está ben explicada na oferta nas paxinas 20-21 incluído plano coas montaxes propostas. Valórase a adecuación da Saida a rúa Londres. Sinalase que a valoración non significa a aprobación de ditas obras pendente o aseguramiento o respecto a normativa de saídas emerxencia do Museo.

VALORASE EN 15 PUNTOS DITO APARTADO.

2. Proxecto de xestión da actividade (tipoloxía e clase de establecemento, categoría, tipo de cociña, especialidades, etc.) inclúe número de profesionais contratados, currículos e traxectoria dos mesmos e a relación prezos dos produtos. Valorase especialmente o proxecto de alcanzar categoría de restaurante de 2 garfos, a variación dos menus para eventos e por temporada, a oferta de catering e take away e a entrega de augas para os eventos de MARCO.

Respecto do horario (14 horas sinalada na oferta) sinalase que se establecerá de mutuo acordo entre as partes dentro dos límites da licitación.

VALORASE EN 30 PUNTOS DITO APARTADO.

RESOLVO

- Que este único oferente cumpre as condicións administrativas e técnicas dos pregos.
- Que se proceda a anunciar a apertura da oferta económica o próximo martes 9 de febreiro 2021 as 10:00 da mañana en acto público no MARCO sito en Príncipe 54 ,36202 Vigo.

4 febreiro de 2021

Martiño Nogueira
Xerente
Fundación MARCO